

LAUDATIO MALVELA

Dáme unha gotiña de auga,
Para mollar a garganta,
Quero cantar como a rola,
Como a rola ninguén canta.

Boa tarde:

Malia que sabemos que non poderemos cantar como a rola, coa intención de facelo o mellor posible, chegamos hoxe a Lugo neste serán de outono no que albiscamos a rula de Cunqueiro que voaba entre os bidueiros, sobre o río e que, solícita, nos recibiu dicindo: “pasen, miñas señoras”.

E con esa tenra licenza, heinos aquí nesta terra, nesta cidade, que tanto os ensinou a amar as palabras mercé a obra de tantas escritoras e escritores que fixeron, e fan, a nosa lingua máis vizosa, máis perenne, máis universal, e, se cabe, máis fermosa.

E heinos aquí, neste lugar do vello cárcere, para facer louvanza, para facer xustiza e para agradecer a Asociación de Escritores e escritoras en lingua galega, a concesión do Premio Mestra da memoria 2022, neste caso, ao grupo de música tradicional MALVELA.

Por iso:

Vimos nós que somos as de Mos,
Sabemos o que é o amor e o benquerer,
E vides vós que sodes o mellor,
Habemos de cantar que o mundo vai mudar.

Hoxe o mundo roda máis contento e, no seu virar, párase a escoitar as voces e contemplar os rostros de:

Silvina, Fita, Carmiña, Carmen, Lina, Aurita, Teresa, Paca, Chola, Paz e Maruja.

Malvela nace a raíz dun curso de cantos populares organizado por mulleres rurais e dirixido pola mestra Uxía Senlle.

Esa actividade cultural converteuse no xermolo dunha paixón, dun novo xeito de vida, nunha revelación, nun modo fascinante de recuperar letras, cancións, coplas e música tradicionais para rescatalas do esquecemento, para conectarnos co pasado, co sentido telúrico da existencia, e para que con elas poidamos seguir creando, facendo arte, cultura, beleza e para poder estar no mundo dun xeito propio.

A partir dese curso, iniciaron unha frenética actividade só interrompida por achaques da historia, do tempo e da vida: sufriron embates pero aguantaron rexas e non pararon de gravar discos e levar alegría, divertimento e baile a centos de escenarios da nosa terra e de alén das nosas fronteiras.

Elas conectan coa tradición medieval da cantiga feminina, elas danzan, bailan, son confidentes, amigas, poñen voz a muller e, lonxe de todo tópico sobre a idade, fan gala de erotismo, linguaxe simbólica e dobres sentidos cos que acaban escachando coa risa, que chouta en escena como nunha cantiga hilozoísta.

Para facernos cómplices dos seus cantares e poñernos a bailar en calquera xuntanza, teñen publicada xa unha ampla discografía desde aquel primeiro *Que o pano non me namora* do ano 2002, ao que lle seguiron *O Aghinaldo, Da miña xanela a túa, Raianas* e por último, o *Benquerer*, un título que é toda unha declaración de intencións, un golpe na conciencia e un berro contra todos os malquereres que encheron de golpes e condenaron ao silencio a miles de mulleres de calquera tempo e de calquera lugar.

Desde a primeira vez que as escoitei, desde a primeira vez que tiveron a honra inmensa de participar con elas nalgún espectáculo, confeso que Galicia me pareceu máis alegre. Fronte tanto agoirador, fronte a tanto transmisor de odio e intolerancia, fronte tanto medo e intransixencia, as Malvela lanzan a mensaxe de optimismo, alegría, benfacer e benestar no mundo, porque cantan para celebrar como na mellor raizame da tradición ancestral na que o pobo cantaba para celebrar o traballo, as colleitas, o ciclo natural do tempo, as alegrías e pesares, con seráns, foliadas, romarías, maíos, panxoliñas alboradas, fiadas, muiñeiras, xotas, pasodobres, ruadas, danzas, rumbas, desafíos, regueifas, zapateados, con gaita, tamboril, bombo, pandeiro, pandeireta...que hoxe tocan en Malvela os músicos que as acompañan.

Todos eles levan a festa e o sorriso aló onde estean, ben sexa no escenario ou fóra del porque non lles fai falta un micrófono para botarse a cantar, para acompañarte, para agasallarte, para celebrar a amizade, para botar un aturuxo, para dicir un alalá que esconxure os males, porque cantar é terapia, cantar é curativo, cantar é saúde mental.

Pero, a maiores das súas virtudes persoais, admiramos as Malvela porque representan unha ponte entre o pasado e o futuro e porque foron quen de romper as barreiras que as condenaban ao ostracismo e ao silencio nunha época na que o que se esperaba delas, como de todas as mulleres, era que se dedicasen ao ámbito doméstico e estivesen caladas. Pero elas, a partir do curso, foron quen de romper co teito de cristal e iniciar un período talentoso de reivindicación, de esforzo, de

empoderamento, prestando tamén a súa voz para denunciar nos seus espectáculos o maltrato, a violencia e todos os veos que ocultan os rostros femininos.

Moza que estás na ventana,
Coa punta do pano fóra,
Quen me dera verche a cara,
Que o pano non me namora.

O mellor exemplo de muller que desenvolveu as súas capacidades xa na flor dos seus anos e coñeceu o éxito e a realización persoal, foi a Sra. Carme que tanto nos emocionou coa súa voz chegada do máis profundo da loita pola vida. Ela segue estando en Malvela, como o segue estando tamén Adela a quen hai uns meses a Parca arrincou do grupo. E non esquezamos a procedencia rural destas mulleres que souberon ben o que é sachar, plantar, colleitar e que combinaron eses traballos co éxito nos escenarios. Por iso reivindicamos un rural como lugar no que poder vivir e triunfar, como un lugar con futuro, como lugar que non pode esmorecer, nin arder, nin desaparecer.

E po último cabe mencionar outro dos lugares que están en profunda comuñón coas Malvela: o país irmán, Portugal. A súa música convídanos a unha viaxe sentimental por terras lusas para facer visibles os vínculos de identidade histórica e lingüística entre ambas beiras do Miño.

Imos rematando pero, miren vostedes: elas son Malvela porque teñen a gala a súa orixe humilde e pequeneira como a flor do seu nome. Pero hoxe, ben puideran chamarse **carqueixa**, verba ancestral que nomea a herba curadora de todos os males como o padre Sarmiento dicía, e porque é planta capaz de revivir logo de calquera circunstancia adversa.

E, malia que digan:
Chamáchesme **trubisqueira**
Herba que nin o gando non come
Mais vale ser trubisqueira
Que muller dun ruín home

(aí queda iso...)

Ben puideran ser hoxe **hortensias**, grandes, pomposas, empoderadas, orgullosas... e, porque fan maxia, son curativas, levan arrecendo e crean beleza, ben puideran chamarse coma calquera herba aromática ou de San Xoán: funcho, melisa... ou néveda, para un magosto de castañas mentres...pirimpinpín

Ou poderían chamarse **loureiro** por seren laureadas e vencedoras en calquera escenario...

E polos seus amores ben puideran chamarse **rama da oliveira** porque os seus pares son os máis lindos que andan na roda enteira e porque as acompañan onde van, solícitos amantes de mulleres triunfadoras.

Ou poden chamarse **pau de sanguíño** pola súa orixe toponímica, Sanguíñeda, pero poden chamarse tamén **roseiras** porque levan as rosas do escudo de Mos, concello do que son e do que tan orgullosas se senten.

Ou tamén **flor de sabugueiro** porque xa o di o escritor castelán que “que será deste mundo cocho cando ninguén saiba para que serve a flor de sabugueiro”, ou **as abeleiras** porque cantan “ai amigas!, so aquestas abelaneiras floridas ou **pau de freixo** pola batuta firme e flexible de Ana Senlle a profesora, ou **folla de teixo** pola voz sagrada da súa creadora, Uxía Senlle.

Pero non, son **Malvela** e con ese nome ocupan xa un lugar na historia da música e recordos máis fermosos e festivos de todos e todas nós.

Moitas grazas.

Dorinda Castro Soliño